

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE NOVEMBRO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

2258/08.- José Sismonde González.- Derruba de construcións auxiliares existentes na parcela sita no Lugar de Berdía núm.33, parcela 655 de concentración de Busto-Berdía.-

2673/07.- Vector Plus, S.L.- Legalización modificacións executadas na edificación sita na Rúa Sánchez Freire núm.35-43.-

PARCELACIÓNS.-

2162/08.- M^a del Carmen Viña Cancelo.- Parcela sita na Rúa do Home Santo núm.34 (+).-

2226/08.- Promociones y construcciones Mujico Pena, S.L.- Parcela sita no Lugar de Debaixo da Ponte na Rúa Poza Real de Abaixo, Conxo (+).-

2163/08.- José Manuel Rodríguez Jallas.- Parcelación, previa agrupación das parcelas núm. 239 e 240 de concentración de Santa María de Vilestro.-

2212/08.- Muebles Rial, S.L.- Parcelación, previa agrupación das parcelas núm. 100 e 101 do plano parcelario do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella (+).-

ACEPTACIÓN EXPRESA DE ESCRITURA DE CESIÓN DE VIAIS.-

372/08.- Residencial Cambrils, S.A.U.- Edificio na Rúa do Avío núm.27

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

2300/08.- Construcciones Ruafer, S.A.-..... Expte..290/06.....2.000 €.-

CORRECCIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 03 DE MARZO DE 2008.-

399/08.- Mercedes Vázquez López.- Parcelación de parcela sita no Lugar de Bando.-

APERTURAS.-

Lap/336/07.- Vego Supermercados SAU.- Apertura de supermercado en Volta do Castro s/n.-

OCIHR

LICENZAS

LIC/1740/2007.- PORTA DO CAMIÑO FRANCES, S.L.- Modificación da licenza otorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 5 de novembro de 2007 para rehabilitación parcial de edificio, planta 2º e 3º e baixo cuberta na rúa Casas Reais, 29.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/1237/2008.- MARIA CARMEN CENDON VÁZQUEZ.- Devolución de fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación de edificio na calzada Carme de Abaixo, 19. 1.500 €

DISCIPLINA.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

DIS/672/2008.- DIEGO OTERO GARCÍA.- Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa da Algalia de Arriba, nº 43 . Importe. 601,00€.

DIS/989/2008.- MARTA CASTRO ZAERA.- Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa da Acibechería, 18 . Importe. 601,00€.Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación

5.- Revisión do importe por beneficiario do contrato de asistencia sanitaria para o persoal funcionario do Concello para 2008.

Actualízase o prezo do contrato subscrito coa entidade LA UNIÓN MADRILEÑA DE SEGUROS, SA, que queda fixado en 25,14 euros/mes dende o 1 de xaneiro de 2008.

6.- Nomeamento de rúas

Asígnanse os seguintes nomes ás rúas do PERI-5 E SUNP-6.2, así como a numeración:

- rúa A: Xosé Castro González "Chané"

- rúa C: Avelino Pousa Antelo

7.- Nomeamento de representantes do Concello nas Comisións de Cooperación entre o Consello da Capitalidade e o Concello, para colaborar na xestión e desenvolvemento do Ano Santo 2010 e de apoio á participación na Exposición Internacional de Shangai.

Desígnanse os seguintes representantes do Concello de Santiago nas devanditas comisións:

- a concelleira de Urbanismo e Vivenda, o concelleiro de Facenda e Orzamentos, o concelleiro de Turismo e a concelleira de Cidade Histórica e Rehabilitación serán os representantes municipais na Comisión de Cooperación para apoiar a participación de Santiago na Exposición Internacional de Xangai.

- a concelleira de Mobilidade e Seguridade Cidadá, o concelleiro de Festas e o concelleiro de Turismo serán os representantes municipais na Comisión de Cooperación para a xestión e desenvolvemento do Ano Santo 2010.

8.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de nova capa de rodadura nas parroquias de San Marcos, Villestro e Marantes.

Apróbase o proxecto redactado polo arquitecto municipal e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 180.640,09 euros (máis o 16% do IVE) e un prazo de execución de 2 meses.

9.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do servizo de coordinación e supervisión dos proxectos derivados do convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello que permitan cumprimentar as necesidades previstas pola celebración do Ano Santo 2010.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 60.000 euros (máis o 16% de IVE).

10.- Adxudicación menor do servizo de realización dun estudo de necesidades para a optimización da circulación viaria no Polígono Industrial do TAMBRE.

Adxudícase á empresa PROYFE por un importe de 11.988 euros (máis 16% de IVE)

11.- Adxudicación provisional das obras de ampliación do cinturón de abastecemento en Vidán.

Adxudícanse provisionalmente as obras á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 95.060,98 (máis 16% de IVE).

12.- Adxudicación provisional do servizo para completar a elaboración do inventario informatizado sobre a base dun catastro previamente revisado dos bens e recursos que integran o patrimonio municipal do solo do Concello de Santiago.

Adxudícanse provisionalmente os traballos de referencia a María José Freire-Garabal Núñez por un importe de 20.600 (máis o 16% do IVE) e un prazo de execución de nove meses e medio.

13.- Adxudicación provisional do servizo de desenvolvemento do programa NADALXOGO 2008.

Adxudícase provisionalmente o servizo de desenvolvemento do programa NADALXOGO a M^a Carmen García Vicente por importe de 43.103,45 (máis 16% de IVE).

14.- Adxudicación provisional do servizo de deseño, edición e impresión de 35.000 calendarios de mesa do ano 2009.

Adxudícase provisionalmente o servizo por importe de 32.924,25 euros (máis 16% de IVE) á empresa MARÍA PIÑEIRO MOURELLE, SL.

15.- Adxudicación do subministro de vestiario para o persoal da brigada municipal de Vías e Obras.

Adxudícase o subministro de referencia á empresa POSIMAR, SL, por un importe total de 10.999,12 (máis o 16% do IVE).

16.- Adxudicación do subministro e instalación de semáforos na semirrotonda da Choupana.

Adxudícase o subministro á UTE SAÍNCO-DAVIÑA, por importe de 12.870,33 euros (máis IVE).

17.- Corrección de erro no acordo de contratación do programa de prevención de drogodependencias CINENSINO para o curso 2008-2009.

Corríxese o devandito erro relativo ao IVE a aplicar.

18.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do Convenio entre o Concello e o IES Rosalía de Castro para o Bacharelato Internacional.

Apróbase o convenio polo que o Concello achega a cantidade de 13.042 euros.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á aprobación do Convenio entre o Concello e a mercantil MERCADO DE ABASTOS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para a Campaña de publicidade navideña do recinto.

Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a mercantil Mercado de Abastos Sociedade Cooperativa Galega para a subvención da campaña de publicidade de Nadal do recinto, para a que a Concellaría achega 15.000 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á corrección do acordo de 29.10.2007, e aboamento a ISS FACILITY SERVICES S.A. por mor dunha revisión de prezos.

Corríxese o erro relativo á revisión de prezos.

21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da acta de emenda ao convenio urbanístico de obtención de equipamento universitario EU-2 de Vista Alegre.

Dáse conta da formalización polos propietarios afectados da correspondente acta de emenda ao convenio urbanístico para a obtención do equipamento universitario EU-2, asinada o 14 de novembro de 2008, na que se reflicte a nova titularidade da parcela 1 do devandito convenio, para os efectos de inscribir a súa cesión a favor do Concello, con reserva do aproveitamento urbanístico a favor dos propietarios cedentes.

22.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á designación de arquitecto supervisor da obra para o edificio de servizos no Parque Urbano Eugenio Granell, (PU-9) do Paxonal.

Noméase a Enrique Seoane Prado, como arquitecto municipal responsable da supervisión e control da redacción do proxecto para a execución do edificio de servizos no parque Eugenio Granell, así como do inicio e posterior desenvolvemento das obras de execución.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á modificación das tarifas do servizo de autotaxi para 2009.

Apróbanse as tarifas de auto-taxi para 2009 coa estrutura e contía seguintes:

TARIFAS

	diurno	nocturno	festivos
Percepción mínima	3,25 euros	4,55	3,85
Km percorridos	0,86	1,30	1,08
Hora de espera	17,40	26	21,60

SUPLEMENTOS

Por maleta ou vulto	0,45
Por bicicletas	3
Por reserva servizo	3

SEVIZO CON CONTÍA FIXA: aeroporto (18,50 euros)

24.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á convocatoria do premio MANUEL BEIRAS 2008.

Apróbanse as bases e un orzamento de 18.064,30 euros.

25.- Aprobación das propostas de gastos para: execución do estudo da muralla, a súa evolución e transformación ao longo do tempo, e traballos arqueolóxicos de limpeza e rexistro de paramento do edificio sito no número 18 da rúa de Entremuros.

Apróbanse as seguintes propostas de gasto:

- estudo da muralla: 16.240 euros

- traballos no número 18 da rúa Entremuros: 8.540,48 euros.

26 a 76.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles e na taxa por subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e recollida e tratamento de RSU.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

77.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión dunha bonificación na taxa por rodaxe cinematográfica.

Concédesse a devandita bonificación

79.- Dar conta da sinatura da Addenda número 1 ao Convenio asinado coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para execución de diversas actuacións de

entornos urbanos que permitan cumprimentar as necesidades xerais, en especial as previstas para o Ano Santo 2010.

Dáse conta da sinatura da devandita addenda, pola que se reaxustan as cantidades a aportar en cada anualidade quedando do seguinte xeito:

	Anualidade 2008	Anualidade 2009	Anualidade 2010
Concello	187.500	3.050.000	3.259.368,57
Consellería	1.000.000	3.000.000	4.500.000

URXENCIAS

1.- apróbase a concesión das subvencións para as escolas deportivas do ano 2008 por un importe total de 13.201,82 euros a un total de 10 entidades.

2.- concédense subvencións a dúas entidades veciñais.

3.- apróbase a sinatura do convenio entre o Concello e a escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco, á que se lle achega a cantidade de 8.000 euros.

4.- apróbase un protocolo de colaboración para pór a disposición do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un piso propiedade do Concello, vinculado ao programa "Acollemento temporal en vivendas municipais"